ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027897	Paseo das Pontes	Coruña (A)	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CMHOT01	Cociña e gastronomía	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0048	Produtos culinarios	2024/2025	10	350	350
MP0048_12	Elaboración de produtos culinarios mediante técnicas tradicionais	2024/2025	10	240	240
MP0048_22	Elaboración de produtos culinarios da gastronomía galega e de novas tendencias	2024/2025	10	110	110

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ MIGUEL GARCÍA SILVARREDONDA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo Produtos Culinarios, pertencente ao Ciclo Formativo de grao medio de Cociña e Gastronomía, tomando como referencia o Decreto 218/2008 e Decreto 38/2010 polo que se establece o título de Cociña e Gastronomía necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro.

Baseándonos na adecuación do sistema ensino-aprendizaxe ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro, ademais do perfil profesional do título, e da competencia xeral e as competencias profesionais, persoais e sociais que se concretan no Decreto do Currículo como segue:

- O perfil profesional do título de técnico en cociña e gastronomía determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

- A competencia xeral deste título consiste en executar as actividades de preelaboración, preparación, conservación, terminación e presentación, e servizo de todo tipo de elaboracións culinarias no ámbito da produción en cociña, seguindo os protocolos de calidade establecidos e actuando segundo normas de hixiene, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

- As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan deseguido:
a) Determinar as necesidades para a produción en cociña a partir da documentación recibida.
b) Recibir, almacenar e distribuír materias primas, en condicións idóneas de mantemento e conservación, ata o momento da súa utilización.
c) Pór a punto o lugar de traballo, preparando espazos, maquinaria, útiles e ferramentas.
d) Executar os procesos de preelaboración e/ou rexeneración que cumpra aplicarlles ás materias primas, en función das súas características e da adecuación ás súas posibles aplicacións.
e) Executar as elaboracións culinarias, tendo en conta a estandarización dos procesos, para a súa decoración, terminación ou conservación.
f) Realizar a decoración e a terminación das elaboracións, segundo as necesidades e os protocolos establecidos, para a súa conservación ou o seu servizo.
g) Realizar o servizo das elaboracións, tendo en conta as necesidades, o ámbito da execución e os protocolos establecidos.
h) Executar os procesos de envasado e/ou conservación para cada xénero ou elaboración culinaria, aplicando os métodos axeitados e utilizando os equipamentos idóneos, para preservar a súa calidade e evitar riscos alimentarios.
i) Aplicar os protocolos de seguridade laboral e ambiental, hixiene e calidade durante todo o proceso produtivo, para evitar danos ambientais e nas persoas.
j) Cumprir os obxectivos da produción, actuando consonte os principios de responsabilidade e mantendo unhas relacións profesionais adecuadas cos membros do equipo de traballo.
k) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
l) Manter o espírito de innovación, de mellora dos procesos de produción e de actualización de coñecementos no ámbito do seu traballo.
m) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación vixente.
n) Detectar e analizar oportunidades de emprego e autoemprego, desenvolvendo unha cultura emprendedora e adaptándose a diferentes postos de traballo e a novas situacións.
o) Establecer e administrar unha pequena empresa, realizando unha análise básica de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.

p) Participar na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.

Asociado á unidade de competencia: UC0262_2: Preparar e presentar todo tipo de elaboracións culinarias complexas e de creación propia para o servizo.

Isto nos permitirá traballar de cara a conseguir o rol do posto de traballo propio de este ciclo formativo que se traducirá en actividades específicas con resultados concretos, na adaptación en función das variacións que se dan na práctica do traballo e nos procesos productivos, actuar correctamente ante anomalías, dirixir o conxunto do traballo e acadar os obxectivos da organización, así como establecer prioridades e actuar en coordinación con outros departamentos.

Con respecto ao ambito productivo, nos últimos anos produciuse unha importante perda de emprego practicamente en tódos os sectores produtivos agás no sector servicios, incluíndo a hostelería que experimentou un repunte. Por outra parte Galicia ven de convertirse nun importante destino turístico, sendo a cuarta comunidade con maior oferta de establecementos de aloxamento e restauración.
Tamén é destacable que os distintos roteiros do Camiño de Santiago acadaron unha trascendencia internacional que fai que aumenten ano a ano os visitantes na nosa comunidade.
Tendo en conta que o sector turístico galego é, o que máis contribúe ao PIB da nosa Comunidade, así como á creación de emprego, é evidente a necesidade de seguir formando profesionais de calidade que ocupen os postos que seguirá a demandar o mercado.

As ensinanzas do módulo centraranse nas nosas elaboracións máis representativas experimentando alternativas baseadas nos nosos produtos e técnicas tradicionais, sen esquecer outros contidos de cociña de vangarda e de carácter internacional que favorezan a polivalencia do alumnado.

Por último, as demandas da poboación en relación a elaboracións dietéticas ou para persoas con necesidades específicas, así como o aumento de poboación procedente de diversas culturas, tamén son tidas en conta de xeito que o alumnado deberá sensibilizarse ao respecto e actuar responsablemente seguindo unhas normas específicas segundo os casos.

En ocasións o centro pretende simular un servizo de cociña e comedor flexible, así como servizos de cátering, entre outros. Por isto, a concreción da programación levará un sistema de aprendizaxe, principalmente, práctico e con unidades ordenadas e secuenciadas pero, de xeito que poidan ser abordadas simultaneamente durante a realización dos servizos e que posibiliten un mellor aprendizaxe do alumnado e corrección de erros autónomo. Por outra banda, isto permite ao docente utilizar diversos métodos de avaliación, usando como un instrumento máis de avaliación o propio servicio.

Además, en algunhas unidades didácticas deste módulo faise necesaria a subdivisión de Criterios de Avaliaicón debido a cantidade de contidos abordados en cada RA e a necesidade dunha mellor aprendizaxe para o alumnado e das necesidades propias dos talleres e sistema de funcionamento do centro educativo.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprend
					MP0048_12				MP0048_22
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 1
1	Procesos produtivos e de servizo/distribución en cociña.	Identificación, secuenciación e organización dos procesos produtivos e de servizo en cociña. Análise da información oral e escrita. Fases de execución e acabamento en función da ficha técnica de elaboración. Documentación asociada ao proceso produtivo.	20	10	X				
2	Produtos culinarios tradicionais e avanzados.	Elaboración de produtos culinarios establecidos, aplicando técnicas tradicionais e avanzadas.	100	25		X			
3	Necesidades alimentarias especificas.	Elaboración de pratos para persoas con necesidades alimentarias específicas e analise das características propias de cada situación. Alerxias e intolerancias alimentarias. Dietas e alternativas.	20	10				X	
4	Produtos culinarios a partir dun conxunto de materias primas.	Elaboración de produtos culinarios de cociña territorial española e internacional.	100	25			X		
5	Gastronomía galega e de novas tendencias.	Elaboración de produtos culinarios da gastronomía galega, con aplicación de técnicas e tecnoloxías actuais e innovadoras, e formulación de variacións e alternativas viables. Elaboración de produtos culinarios de vangarda. Historia da gastronomía. Cociña creativa ou de autor. Decoración e exposición de pratos.	110	30					X
		Total: 350							

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Procesos produtivos e de servizo/distribución en cociña.	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza os procesos produtivos e de servizo en cociña, e analiza información oral e escrita, para o que determina as fases de execución e acabamento en función da ficha técnica de elaboración.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Caracterizar os ámbitos da produción e do servizo en cociña. 1.2 Determinar os sistemas e as fases da produción e do servizo en cociña, 1.3 Coñecer a organización do proceso productivo 1.4 Coñecer a documentación asociada ao proceso produtivo 1.5 Recoñecer os factores de risco e os parámetros de calidade asociados á produción culinaria para aplicar os protocolos de seguridade laboral e ambiental, hixiene e calidade durante todo o proceso produtivo.	1	Procesos produtivos e de distribución/servizo en cociña	15,0
2.1 valorar os coñecementos adquiridos na UD.	2	avaliacion	5,0
		TOTAL	**20**

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Caracterizáronse os ámbitos da produción e do servizo en cociña.	• PE.1 - Pregunta sobre os procesos produtivos e de distribución en cociña	S	10
CA1.2 Determináronse as fases da produción e do servizo en cociña, e estableceuse a súa secuencia e a súa temporalización.	• PE.2 - Pregunta sobre os procesos produtivos e de distribución en cociña	S	10
CA1.3 Deducíronse as necesidades de materias primas, equipamentos, útiles, ferramentas, etc.	• PE.3 - proba sobre os procesos asociados	S	10
CA1.4 Identificáronse as técnicas de elaboración que se deben aplicar en función das fichas técnicas.	• PE.4 - Pregunta sobre os procesos produtivos e de distribución en cociña	S	10
CA1.5 Tivéronse en conta as necesidades de coordinación co resto do equipo de cociña.			0
CA1.5.1 Valouse a necesidade de coordinación co resto do equipo de cociña	• PE.5 - proba sobre os procesos asociados	N	10
CA1.6 Recoñeceuse a importancia da orde e da limpeza na boa marcha do traballo.	• PE.6 - proba sobre os procesos asociados	N	10

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.7 Determináronse os procedementos intermedios de conservación tendo en conta as necesidades das elaboracións e o seu uso posterior.			0
CA1.7.1 Describíronse os procedementos intermedios de conservación tendo e conta as necesidades das elaboracións e o tipo de produción e servizo das mesmas.	• PE.7 - proba sobre os procesos asociados	S	10
CA1.8 Determináronse os procesos procurando unha utilización racional dos recursos materiais e enerxéticos, e das materias primas.			0
CA1.8.1 Valorouse a necesidade dunha utilización racional dos recursos e das materias primas.	• PE.8 - proba sobre os procesos asociados	N	10
CA1.9 Aproveitáronse os recursos desde o punto de vista da rendibilidade económica, mantendo os niveis de calidade gastronómica.			0
CA1.9.1 Valoráronse a rendibilidade económica e os niveis de calidade gastronómica.	• PE.9 - proba sobre os procesos asociados	N	10
CA1.10 Valorouse, desde o ámbito organizativo, a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.	• PE.10 - proba sobre os procesos asociados	N	10
		TOTAL	**100**

4.1.e) Contidos

Contidos
Ámbitos da produción culinaria: descrición e análise.
Información relacionada coa organización dos procesos: fichas técnicas de produción, ordes de traballo, etc.
Fases da produción e do servizo en cociña: descrición e análise.
Diagramas de organización e secuencia das fases produtivas. Cociñas centrais: liña quente e fría.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Procesos produtivos e de distribución/servizo en cociña - A produción culinaria: tipos, sistemas, organización e documentación asociada.	• Presentación da UD1. Exposición dos contidos da UD1. Evolucion historica dos productos culinarios e as actuais formulas de produccion • establecer procedementos para a elaboracion de diferentes productos culinarios segun a tematica da UD.	• Facer as actividades propostas.elaboracion e exposicion sobre a gastronomia dunha comunidade e de un pais , pratos mais representativos • desenvolver un simulacro de servicio	• Apuntamentos, diagramas de fluxo, documentación asociada aos procesos.	• Canón de video. Presentacións. Manuais.	• PE.1 - Pregunta sobre os procesos produtivos e de distribución en cociña • PE.2 - Pregunta sobre os procesos produtivos e de distribución en cociña • PE.3 - proba sobre os procesos asociados • PE.4 - Pregunta sobre os procesos produtivos e de distribución en cociña • PE.5 - proba sobre os procesos asociados • PE.6 - proba sobre os procesos asociados • PE.7 - proba sobre os procesos asociados • PE.8 - proba sobre os procesos asociados • PE.9 - proba sobre os procesos asociados • PE.10 - proba sobre os procesos asociados	15,0
avaliacion					• PE.1 - Pregunta sobre os procesos produtivos e de distribución en cociña • PE.2 - Pregunta sobre os procesos produtivos e de distribución en cociña • PE.3 - proba sobre os procesos asociados • PE.4 - Pregunta sobre os procesos produtivos e de distribución en cociña • PE.5 - proba sobre os procesos asociados	5,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					• PE.6 - proba sobre os procesos asociados • PE.7 - proba sobre os procesos asociados • PE.8 - proba sobre os procesos asociados • PE.9 - proba sobre os procesos asociados • PE.10 - proba sobre os procesos asociados	
					TOTAL	20,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Produtos culinarios tradicionais e avanzados.	100

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora produtos culinarios establecidos, aplicando técnicas tradicionais e avanzadas.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Elaborar produtos culinarios con técnicas tradicionais 1.2 Identificar e aplicar as técnicas culinarias tradicionais. 1.3 Relacionar cada técnica coas características do produto final.	1	Elaboración de produtos culinarios tradicionais	75,0

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.4 Desenvolver o servizo en cociña seguindo os procedementos establecidos			
2.1 Elaborar produtos culinarios con técnicas avanzadas 2.2 Identificar e aplicar as técnicas culinarias avanzadas. 2.3 Relacionar cada técnica coas características do produto final. 2.4 Valorar a importancia destas técnicas culinarias avanzadas nos ámbitos produtivos, xunto coa persistencia das tradicionais, en situacións e contornos determinados. 2.5 Desenvolver o servizo en cociña seguindo os procedementos establecidos.	2	Elaboración de produtos culinarios avanzados	20,0
3.1 valorar os coñecementos adquiridos na UD.	3	avaliacion	5,0
		TOTAL	**100**

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identificáronse as técnicas culinarias avanzadas e diferenciáronse das técnicas tradicionais.			0
CA2.1.1 Identificáronse e aplicáronse as técnicas culinarias tradicionais.	• PE.1 - Proba de produción sobre un produto culinario	S	15
CA2.1.2 Identificáronse e aplicáronse as técnicas culinarias avanzadas.	• PE.2 - Proba de produción sobre un produto culinario	N	15
CA2.2 Relacionouse cada técnica coas características do produto final.	• TO.1 - Proba de produción sobre un produto culinario	N	10
CA2.3 Valorouse a importancia destas técnicas culinarias avanzadas nos ámbitos produtivos, xunto coa persistencia das tradicionais, en situacións e contornos determinados.	• TO.2 - Rúbrica sobre a actividade Cociña tradicional/Cociña moderna	S	5
CA2.4 Realizáronse as tarefas de organización, secuencia e temporalización das operacións necesarias para a elaboración dos produtos culinarios.	• TO.3 - Proba de desenvolvemento produción sobre un produto culinario tradicional/avanzado	S	10
CA2.5 Verificouse a dispoñibilidade de maquinaria e outros elementos necesarios para a produción, previamente ao desenvolvemento das tarefas.			0

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.5.1 Fíxose unha correcta mise-en-place de materias primas, equipamentos, útiles, ferramentas, etc	• TO.4 - Proba de produción sobre un produto culinario	N	10
CA2.6 Verificáronse e valoráronse as características finais e o nivel de calidade do produto elaborado.	• TO.5 - Proba de produción sobre un produto culinario	N	5
CA2.7 Desenvolveuse o servizo en cociña seguindo os procedementos establecidos.			0
CA2.7.1 Realizáronse as elaboracións estipuladas e desenvolveuse o servizo en cociña seguindo os procedementos establecidos.	• TO.6 - Proba desenvolvemento	S	20
CA2.8 Desenvolvéronse os procedementos intermedios e finais de conservación tendo en conta as necesidades dos produtos obtidos e o seu uso posterior.	• TO.7 - Proba de produción sobre un produto culinario	N	5
CA2.9 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.	• TO.8 - Proba de produción sobre un produto culinario	S	5
		TOTAL	**100**

4.2.e) Contidos

Contidos
Cociñas territoriais: descrición e características xerais.
Diversidade das cociñas galega, española e internacional: tradición, movementos gastronómicos, produtos e elaboracións máis salientables.
Cociña de temporada ou de mercado: pratos e tratamentos culinarios máis representativos.
Cociña creativa: interpretación das elaboracións culinarias máis significativas e valores gastronómicos.
Técnicas culinarias avanzadas: descrición, análise, execución e aplicacións.
Execución das elaboracións máis representativas: fases, técnicas e procedementos. Puntos clave na súa realización. Control e valoración de resultados.
Gornicións, decoracións e mollos apropiados á elaboración culinaria, en función da súa denominación e do complemento nutritivo e organoléptico.
Selección dos materiais de empratamento axeitados ao tipo de servizo que se vaia efectuar.
Historia e evolución da cociña. Publicacións, persoas e acontecementos máis salientables do mundo culinario.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Elaboración de produtos culinarios tradicionais - Aplicación das técnicas culinarias tradicionais para a elaboración de produtos culinarios tradicionais	• Repaso pola evolución histórica dos produtos culinarios e as actuais fórmulas de produción. Repaso polas caracteristicas mais importantes das diferentes cociñas.	• Busqueda e clasificacion dos pratos mais representativos da cociña rexional, española e internacional. • Elaboración e exposición dun traballo monográfico sobre a gastronomia dunha Comunidade Autónoma e dun país.	• Apuntamentos, presentacións, traballos monográficos, exposicións e xornadas gastronómicas.	• Canón de video. Presentacións. Manuais.	• PE.1 - Proba de produción sobre un produto culinario • PE.2 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.1 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.2 - Rúbrica sobre a actividade Cociña tradicional/Cociña moderna • TO.3 - Proba de desenvolvemento produción sobre un produto culinario tradicional/avanzado • TO.4 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.5 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.7 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.8 - Proba de produción sobre un produto culinario	75,0
Elaboración de produtos culinarios avanzados - Aplicación das técnicas culinarias avanzadas para a elaboración de produtos culinarios avanzados.	• Explicación dos contidos teóricos da UD.	• Elaboración dun traballo escrito: Cociña tradicional VS Cociña moderna.	• Apuntamentos, presentacións, traballos monográficos, exposicións e xornadas gastronómicas.	• Canón de video. Presentacións. Manuais.	• PE.1 - Proba de produción sobre un produto culinario • PE.2 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.1 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.2 - Rúbrica sobre a actividade Cociña tradicional/Cociña moderna • TO.3 - Proba de desenvolvemento produción sobre un produto culinario tradicional/avanzado	20,0

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					• TO.4 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.5 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.6 - Proba desenvolvemento • TO.7 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.8 - Proba de produción sobre un produto culinario	
avaliacion					• PE.1 - Proba de produción sobre un produto culinario • PE.2 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.1 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.2 - Rúbrica sobre a actividade Cociña tradicional/Cociña moderna • TO.3 - Proba de desenvolvemento produción sobre un produto culinario tradicional/avanzado • TO.4 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.5 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.6 - Proba desenvolvemento • TO.7 - Proba de produción sobre un produto culinario • TO.8 - Proba de produción sobre un produto culinario	5,0
					TOTAL	**100,0**

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Necesidades alimentarias especificas.	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora pratos para persoas con necesidades alimentarias específicas e analiza as características propias de cada situación.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Intolerancia alimentaria VS Alerxia alimentaria 1.2 Elaborar menus adaptados a persoas con necesidades especificas	1	A1 Necesidades alimentarias específicas	15,0
2.1 valorar os coñecementos adquiridos na UD.	2	avaliacion	5,0
		TOTAL	**20**

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Recoñecéronse os tipos de necesidades alimentarias específicas.	• PE.1 - Proba escrita	S	10
CA4.2 Elaboráronse e valoráronse nutricionalmente dietas de distintos tipos.	• OU.1 - Rúbrica sobre o traballo monográfico/ proba de desenvolvemento	N	15
CA4.3 Identificáronse alimentos excluídos en cada necesidade alimentaria específica.	• PE.2 - Proba escrita. Pregunta sobre as alerxias e intolerancias alimentarias	N	5
CA4.4 Recoñecéronse os produtos substitutivos e os cambios de pratos posibles, baseándose nas necesidades nutricionais.	• PE.3 - Rúbrica sobre o traballo monográfico	N	5
CA4.5 Elaboráronse os pratos seguindo os procedementos establecidos, e evitáronse cruces con alimentos excluídos.	• TO.1 - Porbas de desenvolvemento. execución do menú	S	30

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.6 Analizáronse as consecuencias dunha manipulación ou dunha preparación inadecuada.	• PE.4 - Proba escrita. Pregunta sobre o manipulador de alimentos	N	10
CA4.7 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.	• LC.1 - Porba de desenvolvemento.Execución do menú	S	25
		TOTAL	100

4.3.e) Contidos

Contidos
Necesidades nutricionais en persoas con necesidades alimentarias específicas. Principais afeccións alimentarias: alerxias e intolerancias.
Emprego de táboas de composición dos alimentos. Roda dos alimentos.
Dietas tipo: descrición e caracterización.
Produtos axeitados para as necesidades alimentarias específicas.
Procesos de execución de elaboracións culinarias para dietas. Influencia da aplicación de diversos métodos de cocción nos alimentos.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A1 Necesidades alimentarias específicas - Coñecer as necesidades nutricionais en persoas con necesidades alimentarias especificas. Executar menús adaptados. Coñecer e aplicar produtos substitutivos.	• Explicacion dos contidos UD.	• Deseñar e elaborar produtos culinarios para persoas con necesidades específicas alimentarias	• Menús dietéticos. Produtos sustitutivos.	• Cañón de video. Internet. Manuais.	• LC.1 - Porba de desenvolvemento. Execución do menú • OU.1 - Rúbrica sobre o traballo monográfico/ proba de desenvolvemento • PE.1 - Proba escrita • PE.2 - Proba escrita. Pregunta sobre as alerxias e intolerancias alimentarias	15,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					• PE.3 - Rúbrica sobre o traballo monográfico • PE.4 - Proba escrita. Pregunta sobre o manipulador de alimentos • TO.1 - Porbas de desenvolvemento. execución do menú	
avaliacion					• LC.1 - Porba de desenvolvemento. Execución do menú • OU.1 - Rúbrica sobre o traballo monográfico/ proba de desenvolvemento • PE.1 - Proba escrita • PE.2 - Proba escrita. Pregunta sobre as alerxias e intolerancias alimentarias • PE.3 - Rúbrica sobre o traballo monográfico • PE.4 - Proba escrita. Pregunta sobre o manipulador de alimentos • TO.1 - Porbas de desenvolvemento. execución do menú	5,0
					TOTAL	**20,0**

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Produtos culinarios a partir dun conxunto de materias primas.	100

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora produtos culinarios a partir dun conxunto de materias primas, e avalía as alternativas.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Propor produtos culinarios a partir dun conxunto de materias primas dadas. 1.2 Deseñar eboracións que combinen os elementos entre si de xeito razoable. 1.3 Aplicar as técnicas de elaboración en función da materia prima e os resultados finais propostos. 1.4 Executar as tarefas de obtención de produtos culinarios seguindo os procedementos establecidos.	1	Produtos culinarios a partir dun conxunto de materia prima	95,0
2.1 valorar os coñecementos adquiridos na UD.	2	avaliacion	5,0
		TOTAL	**100**

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Propuxéronse produtos culinarios a partir dun conxunto de materias primas dadas.			0
CA3.1.1 Describíronse e caracterizáronse as transformacións dos alimentos e calidades organolépticas	• PE.1 - Proba de coñecementos sobre contidos asociados a unidade	S	25
CA3.1.2 Própuxéronse algúns tipos de produtos culinarios según a materia prima proporcionada.	• PE.2 - Proba de coñecementos sobre contidos asociados a unidade	N	5
CA3.2 Valorouse a posibilidade de aproveitamento de recursos.			0
CA3.2.1 Aproveitáronse os recursos.	• TO.1 - Execución do menú	N	5
CA3.3 Deseñáronse elaboracións que combinen os elementos entre si de xeito razoable.	• OU.1 - Rúbrica sobre o traballo monográfico	N	5
CA3.4 Deducíronse e relacionáronse as técnicas acaídas con respecto ás materias primas e aos resultados finais propostos.			0
CA3.4.1 Aplicáronse as técnicas de elaboración en función da materia prima e os resultados finais propostos.	• TO.2 - Execución do menú	N	5

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.5 Realizáronse en tempo e forma adecuados as tarefas de organización e establecemento da secuencia de fases necesarias no desenvolvemento dos produtos.	• TO.3 - Execución do menú	S	5
CA3.6 Verificouse a dispoñibilidade dos elementos necesarios, previamente ao desenvolvemento das tarefas.			0
CA3.6.1 Fíxose unha correcta mise-en-place de materias primas, equipamentos, útiles, ferramentas, etc	• TO.4 - Execución do menú	N	5
CA3.7 Executáronse as tarefas de obtención de produtos culinarios seguindo os procedementos establecidos.			0
CA3.7.1 Na produción de pratos de cociña rexional e internacional, obtivéronse os produtos culinarios seguindo os procedementos establecidos.	• TO.5 - Execución do menú	S	15
CA3.8 Verificáronse e valoráronse as características organolépticos finais do produto (forma, cor, etc.).			0
CA3.8.1 Na produción de pratos de cociña rexional e internacional, decoráronse e presentáronse os produtos finais.	• TO.6 - Execución do menú	N	5
CA3.9 Confeccionouse un receitario e fichas técnicas con todas as elaboracións realizadas ao longo do curso ou do ciclo.	• OU.2 - Rúbrica sobre o traballo monográfico	S	10
CA3.10 Calculáronse, logo da elaboración da receita, os valores económicos e nutricionais.	• OU.3 - Fichas receita entregadas	N	5
CA3.11 Desenvolvéronse os procedementos intermedios e finais de conservación tendo en conta as necesidades dos produtos obtidos e o seu uso posterior.	• TO.7 - Execución do menú	N	5
CA3.12 Realizáronse as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.	• TO.8 - Execución do menú	S	5
		TOTAL	**100**

4.4.e) Contidos

Contidos
Transformacións fisicoquímicas dos alimentos: descrición e características.
Calidades organolépticas das materias primas: valoracións salientables e combinacións básicas.
Realización de receitas de diferentes tipos e de fichas técnicas de produción.
Identificación de alternativas e modificacións das técnicas de cociña con respecto ás calidades e ás características das materias primas.
Procedementos de execución dos produtos culinarios.

Contidos
Fases, técnicas e puntos clave. Control e valoración de resultados.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
